

Concello de Ortigueira

MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICO-FINANCIERA XUSTIFICATIVA DOS CONTRATOS DE CONCESIÓN DE SERVIZOS DOS POSTOS DE RESTAURACIÓN E HOSTALERÍA DURANTE O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA.

1.- OBXECTO E XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO

O artigo 285.2 da LCSP dispón que nos contratos de concesión de servizos, a tramitación do expediente irá precedida da realización e aprobación dun estudo de viabilidade dos contratos, ou no seu caso, dun estudo de viabilidade económico – financeira, que terán carácter vinculante, nos casos que conclúan a inviabilidade do proxecto.

O contido deste estudo, por analogía, será o establecido no artigo 247.2 da LCSP, e para determinar a idoneidade dunha ou outra figura (estudo de viabilidade ou estudo de viabilidade económico-financiero), o mesmo artigo no punto 6 especifica que “pola natureza ou finalidade das obras ou pola contía da inversión requirida, considerarase que este é suficiente e poderase substituír a elaboración dun estudo de viabilidade por un de viabilidade económico – financeira sempre de xeito motivado”.

Na concesión dos contratos de concesión de servizos de explotación de postos de restauración de hostalaría durante o Festival de Ortigueira 2023, non se prevé a realización de obras ou investimentos relevantes, non sendo que a empresa concesionaria de xeito voluntario as pretenda facer, polo que considerase suficiente a realización dunha **análise de viabilidade económico – financeira**.

2.- PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

O obxecto do contrato constitúeno os servizos de hostalaría e restauración vinculados ao desenvolvemento do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira 2023, que comprende:

- Servizo de barras na zona de concertos (Alameda)
- Servizo de postos de restauración na zona do peirao
- Servizo de barras e restauración na zona de Morouzos

O contrato ten unha duración prevista de 8 días, do 9 o 16 de xullo de 2023, sen posibilidade de prorroga.

A retribución do adxudicatario constitúena os ingresos derivados da explotación dos distintos postos correspondentes e segundo os prezos establecidos no prego de características técnicas deste contrato.

3.- XUSTIFICACIÓN DO CONTRATO

O Concello do Ortigueira organiza o Festival Internacional do Mundo Celta, declarado festa de interese turístico internacional, co obxecto de promover a música e cultura tradicional dos países de orixe celta e a relación intercultural entre músicos e artistas de diferentes nacións, o desenvolvemento económico da comarca e a potenciación de Ortigueira como destino diferente.

Esta festa de índole cultural, musical e económico desenvólvese en todo o núcleo de Ortigueira , e zona de Morouzos. Xuntase o uso de diferentes localizacións e solos distintos.





Concello de Ortigueira

A finalidade destes contratos é a concesión de servizos de explotación dos postos de postos de restauración e hostalería durante o desenvolvemento do Festival sendo estes susceptibles de explotación económica por particulares, elaborándose a tal fin un prego de cláusulas administrativas particulares e un prego de prescricións técnicas.

De conformidade co artigo 15 da LCSP o contrato de concesión de servizos é aquel en virtude do cal un ou varios poderes adjudicadores encomendan a título oneroso a unha ou varias persoas, naturais ou xurídicas, a xestión dun servizo de titularidade ou competencia propia e a contrapartida veña constituída ben polo dereito a explotar os servizos obxecto do contrato ou ben polo dereito acompañado da percepción dun prezo.

Este dereito de explotación dos servizos indicados implica a transferencia ao concesionario do risco operacional en relación ao risco de demanda e polo tanto a demanda real do servizo prestado. Este risco asumido pola empresa concesionaria constitúe un incentivo fundamental para que trate de poñer todos os medios ao seu alcance co obxecto de obter a maior afluencia posible de usuarios e facer rendible a explotación para obter unha boa xestión que redunde na calidade do servizo ofrecido.

Co desenvolvemento deste contrato non se prevé incidencia ambiental negativa sobre o entorno ao estar garantida por esta administración local a limpeza e a recollida selectiva dos residuos ocasionados polos usuarios da festa así como a proximidade da procedencia dos produtos que redunda nun menor consumo enerxético ao ser os desprazamentos infinitamente menores. Ao tempo que deben quedar garantidas as medidas hixiénico sanitarias e demais requisitos esenciais para o exercicio da actividade.

4.- INVERSIONES A REALIZAR

As empresas concesionarias da explotación dos postos de restauración e hostalería durante o desenvolvemento do Festival non terán que realizar obras na zona adjudicada para a realización do contrato, nin investimentos relevantes. Os únicos investimento que poderían requirirse serían os relativos á adquisición de material ou mobiliario necesario para o desenvolvemento dos servizos – no caso que as empresas concesionarias non dispuxesen del no seu inventario–.

Os concesionarios encargaranse do mantemento do espazo asignado polo posto durante a vixencia efectiva da concesión (transcurso dos días de festival).

A empresa adjudicataria poderá executar inversións voluntarias na execución do contrato que melloren a eficiencia das tarefas ou a eficacia das resultas que, como se dixo, terán carácter voluntario, en aras da mellor execución.

5.- PREVISIONS SOBRE A DEMANDA

Os principais usuarios do Festival son as persoas que acoden ás diferentes zonas de concertos durante a celebración deste, e a múltiples actividades (feiras, desfiles, etc.) que se desenvolven. Isto fai que existan diversas zonas para propoñer as concesións, segundo se sinalan nos diferentes lotes, en función do tipo de actividade.

A demanda real así como o gasto medio por usuario é de difícil previsión e dependerá en gran medida da pericia na xestión do concesionario baseada na calidade do servizo, se ben, tendo en conta factores como a gratuidade das actividades do Festival que favorecen a afluencia de público, ou a meteoroloxía





Concello de Ortigueira

que acompañe a cada edición.

A asistencia estimada de público ao festival para 8 días, tendo en conta as estimacións derivadas da edición do ano 2022, é dunhas 100.000 persoas.

6.- VALOR DO NEGOCIO ESTIMADO DA CONCESIÓN

Os datos económicos recollidos nesta memoria responden á experiencia e información dispoñibles da explotación real do servizo, sobre os que se aplicaron, ademais das adaptacións necesarias aos novos requirimentos, as hipóteses de evolución que en cada caso consideráronse razoables.

Tómense como base os datos existentes dos contratos similares dos anos 2018 e 2019.

Lémbrese que nos anos 2020 e 2021 non houbo Festival como consecuencia da crise sanitaria da COVID-19.

Ademais terase en conta que nos anos 2018 e 2019, o Festival tivo unha duración de 4 días. Pero este ano 2023 ten unha duración de 8 días.

6.1.- Ingresos do Servizo

Os ingresos do servizo estarán constituídos pola venda dos produtos correspondentes que se establecen no prego de prescricións técnicas, sen prexuízo doutros produtos adicionais propostos polos adxudicatarios que resulten aprobados pola Administración.

Para o calculo do valor estimado da facturación, tivéronse en conta as estimacións derivadas de contratos formalizados en exercicios anteriores, así como as estimacións de asistencia ao festival:

Ingresos estimados por día e lote:

- a) Lote 1: Ingresos estimados/día: 11.250 €
- b) Lote 2: Ingresos estimados/día: 2.500 €
- c) Lote 3: Ingresos estimados/día: 2.500 €

6.2.- Gastos do servizo

a.- Gastos de persoal e seguridade social.

Comprenden os gastos de persoal e seguridade social segundo o convenio colectivo de referencia aplicable ao caso.

Estímanse entre un 20 a 30 por cento sobre o volume de vendas, en relación ao tipo de explotación comercial.

b.- Gastos xerais.

Estímanse entre un 10 e 12 por cento sobre o volume de vendas, en relación o tipo de instalación e explotación.

c.- Custos de produtos e bens.



Concello de Ortigueira

Neste apartado abórdanse os custos de materias primas para a súa xestión e venda. Estímase entre un 27 e 30 por cento en relación ao tipo de explotación comercial sobre o volume de vendas.

e.- Canon

Para o calculo do canon a satisfacer polos adxudicatarios, non é posible coñecer ou ter os datos de mercado similares xa que logo o Festival de Ortigueira é único e non hai similitude cos datos semellantes doutros festivais.

As propias características do Festival fano único e irrepitible, polo que as cantidades solo poder ser estimadas por datos obxectivos xa existentes.

Neste caso temos os datos das adxudicacións dos anos 2018 e 2019, aplicados en festivais de catro días.

Para o calculo do canon dos diferentes lotes desde contrato calculase os datos económicos en relación aos días do Festival. Os datos obtidos indícanse no seguinte cadro, así como o canon mínimo de explotación proposto:

Tomando como referencia os datos de edicións anteriores:

	2018	2019	Lote 2023	Media para catro días	Canon inicial para oito días
1.-Barras Alameda	14.113,05	11.620	1	12.866,53	25.733,06
2.-Zona do peirao (restauración)	804	520	2	662	1.324
3.- Zona de Morouzos	2.250	2.039	3	2.144,5	4.289

6.3.- Estimación de ingresos/gastos 2023:

Lote 1.- Barras Alameda

Ingresos	Gastos	2023	Beneficio estimado
Vendas estimadas		90.000 €	
	Gastos de persoal e seguridade social	22.500 €	
	Gastos Xerais	10.400 €	
	Produtos e bens	25.000 €	
	Canon mínimo	25.733,06 €	
	Beneficio estimado		6.366,94

Lote 2.- Posto de restauración (polbo, churrasco e similares).



Concello de Ortigueira

Ingresos	Gastos	2023	Beneficio estimado
Vendas estimadas		20.000 €	
	Gastos de persoal e seguridade social	5.000 €	
	Gastos Xerais	2.600 €	
	Produtos e bens	6.000 €	
	Canon mínimo	1.324 €	
	Beneficio estimado		4.676 €

Lote 3.- Postos e barras Morouzos.

Ingresos	Gastos	2023	Beneficio estimado
Vendas estimadas		20.000 €	
	Gastos de persoal e seguridade social	5.000 €	
	Gastos Xerais	2.600 €	
	Produtos e bens	6.000 €	
	Canon mínimo	4.289 €	
	Beneficio estimado		2.111 €

4.- Viabilidade da explotación

Tendo en conta estes ingresos e os custos estimados de funcionamento, a empresa concesionaria deberá realizar unha promoción axeitada, potenciar unha xestión eficiente para poder cubrir ao longo do contrato as necesidades existentes polo que hai neste momento un funcionamento ao mínimo imprescindible e así poida chegar a existir unha marxe axeitada de beneficios.

As empresas adjudicatarias terán que asumir o risco da explotación pero enténdese que pode ser factible xestionar o contrato dun xeito satisfactorio mellorando as cifras acadadas ata o momento.

Do anterior despréndese que, aínda baixo hipóteses prudentes de evolución do contrato e en particular dos ingresos por vendas, resulta que para cada unha das anualidades houbo un resultado positivo o que constitúe unha razoable taxa de beneficio industrial, e vén corroborar **a viabilidade económica do servizo nos termos nos que se expón.**

7.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Lei de contratos do sector público:

Artigo 101. Valor estimado. 1. Para todos os efectos previstos nesta Lei, o valor estimado dos contratos será determinado como segue:

b) No caso dos contratos de concesión de obras e de concesión de servizos, o órgano de contratación tomará o importe neto da cifra de negocios, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, que





Concello de Ortigueira

segundo as súas estimacións, xerará a empresa concesionaria durante a execución do mesmo como contraprestación polas obras e os servizos obxecto do contrato, así como das subministracións relacionadas con estas obras e servizos

Importe neto da cifra de negocios estimado (IVE excluído) para 2023:

- a) **Lote 1: 90.000 €**
- b) **Lote 2: 20.000 €**
- c) **Lote 3: 20.000 €**

Valor estimado total: 130.000€

